

A ESMORGA

Ignacio Vilar, 2014

1299

ESTREA EN NUMAX: 25.05.2024 | V.O. | +16 | 111 min

Crónica tensa e intensa de vinte e catro horas na vida de tres homes, compañeiros de esmorga que, deixando un regueiro de destrución, de sexo equívoco e reprimido, van fechando as portas tras si e guindando coas chaves, como para non querer volver, tal coma se adrede camiñaran á súa perdición. Baseada na obra de Eduardo Blanco Amor.

«Actualiza e recompón á perfección o xesto turbio da novela de Blanco Amor»

Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Ignacio Vilar: «Necesitabamos espazos comúns e os clásicos sono»

Por Julio Vallejo Herán

Por que tiveches a ousadía de adaptar un clásico da literatura galega como *A esmorga*, a novela escrita por Eduardo Blanco Amor? Penso que en Galicia necesitamos lugares comúns. Como toda sociedade, a xente sepárase moito por partidos políticos e intereses. Necesitabamos espazos comúns e os clásicos sono. En España tamén o son. *El Quijote* é un espazo común de todos. *A esmorga* é un espazo común impresionante. Para min é unha historia que funciona cinematograficamente. Tíñao claro desde que a lin de pequeno. Creo que o cinema galego ten que utilizar os clásicos como o fixeron outras cinematografías. Aínda están pendentes de adaptar moitos, como Castelao ou Rosalía de Castro, ou incluso novelas actuais, como as de Manuel Rivas. Tamén era un proxecto, pensando como produtor, que era moi fácil de financiar.

Que cres que aporta a túa versión de *A esmorga* respecto á que realizou Gonzalo Suárez co nome de *Parranda* (1977)? Son dous filmes que non teñen nada que ver. Eu quería coller *A esmorga* desde dentro, é dicir, desde o seu espazo, as rúas de Ourense, que aínda se conservan como cando o escritor escribiu a novela. Practicamente, consérvase o 80%. Collela desde dentro significaba captar a atmosfera, esa humidade e frío que marca o destino dos personaxes. Era difícil conseguila en cinema, porque hai que rodar en inverno. Nós traballabamos dez horas diarias durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo do ano pasado, cando ocorreron sete ou oito cicloxéneses. Ía frío, chovía e nós incluimos a chuvia das cisternas de bombeiros, moito máis fría que a natural. Imaxina os actores, que estiveron enfermos porque estaban mollados catro ou cinco horas todas os días e o equipo técnico igual, pero era fundamental. Outro aspecto fundamental era o idioma. Sen estes elementos non hai *A esmorga*.

***A esmorga* é unha historia de perdedores dunha España que está chea deles.** *A esmorga* é unha historia que ten moito que ver co noso presente e co noso pasado. Agora mesmo hai moita xente que se está condenada porque xa se lle pecharon as portas de antemán. Iso é un problema do sistema e do goberno. Eu creo que polo feito de nacer debemos ter todas as portas abertas para desenvolvernos como persoas. *A esmorga* ten que ver moito con este presente que nos meteron. Os gobernos deberían estar para abrir as portas a todas as persoas dun país e non para unha minoría, como pretenden moitos. Ademais, non podo concibir que se estean cargando unha forma de vivir, unha ensinanza pública e unha sanidade pública. *A esmorga* ten moito que ver con eses personaxes aos que se lles pecharon as portas.

Como escolliches os teus tres actores protagonistas, especialmente Karra Elejalde? Estiven tres meses buscando actores. Eu sempre fago probas, sexan actores consagrados ou non. Fíxenllas a moitos intérpretes galegos e tamén noutros sitios de España, ademais a grandes intérpretes. O máis difícil non era só conseguir o actor, senón lograr facer crible a relación entre os tres, porque é un filme onde os tres personaxes aparecen xuntos practicamente todo o filme. Iso logreino con (Antonio Durán) Morris, Karra e Miguel (de Lira). Respecto a Karra, para min, *La madre muerta* (1993), de Juanma Bajo Ulloa, é un dos mellores filmes da historia do cinema.

Publicado en revistatarantula.com en maio do 2015.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Pradolongo,
Ignacio Vilar.
Vía Láctea Filmes [DVD]

A esmorga,
Eduardo Blanco Amor.
Galaxia, 2015

A esmorga,
Ignacio Vilar.
Vía Láctea Filmes [DVD]